

## **CONVOCATORIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DE BOLSAS DE INICIACIÓN Á INVESTIGACIÓN PARA ALUMNOS DE MÁSTER (CURSO 2020-2021)**

A Universidade da Santiago de Compostela e o Banco Santander convocan bolsas de iniciación á investigación para alumnos/as matriculados nun máster oficial da USC e que inician a súa andaina na investigación.

### **OBXECTO DAS BOLSAS**

O obxectivo desta acción é promover o acceso e a iniciación á investigación para estudiantes matriculados no curso 20-21 nun máster oficial da USC que demostraron un alto nivel de rendemento académico no grao, a través dun plan de formación básica en investigación centrado nun traballo de investigación supervisado. Para tal fin, o Vicerreitorado de Investigación e Innovación convoca **30 bolsas** de iniciación á investigación. O número de bolsas poderá ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria.

### **ORZAMENTO**

A dotación total das bolsas será de 157.500 € con cargo á partida orzamentaria **8050-359B-64000**, sen prexuízo de que este importe puidese ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria, e estarán cofinanciadas no marco do Convenio de colaboración para o desenvolvemento de novas accións de I+D+i entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a USC para o ano 2021.

### **CONTIA DO PERÍODO**

O importe bruto da bolsa será de **750 €** mensuais, ao que se lle aplicarán as retencións correspondentes a conta do Imposto sobre a Renda das Pessoas Físicas (IRPF), conforme ao previsto na norma reguladora dese imposto.

Así mesmo, descontarase deste importe a cotización da Seguridade Social correspondente á persoa adxudicataria, segundo o disposto no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

O pagamento efectuarase con referencia á situación do dereito da persoa bolseira ao día último do mes que corresponda.

A duración destas bolsas será de **7 meses (maio-novembro)**, sen que o tempo de dedicación diaria poida exceder de catro horas.

Estas bolsas son incompatibles coa concesión doutras bolsas (por exemplo, bolsas de colaboración) ou subvencións coa mesma finalidade, e só se poden disfrutar unha vez.

### **REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN PARA ESTA AXUDA**

Todas as persoas solicitantes dunha bolsa deberán cumplir os seguintes requisitos:

- Estar matriculados nun máster oficial da USC no curso 20-21.
- Non percibir ningunha axuda económica/bolsa incompatible.

Por parte do/a director/a do traballo de investigación:

- A dirección do traballo deberá estar a cargo dun PDI vinculado a un Grupo de Investigación da USC.

- Cada Grupo de Investigación só poderá apoiar a solicitude dunha bolsa de iniciación nesta convocatoria. A presentación de máis dunha solicitude visada polo/a mesmo/a coordinador/a do Grupo será motivo de exclusión de todas as solicitudes afectadas.

## FORMALIZACION DAS SOLICITUDES

As solicitudes, dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Innovación, presentaranse a través do [rexistro electrónico](#) da USC. Na solicitude deberá indicarse que desea participar na convocatoria de bolsas de iniciación á investigación para alumnos de Máster curso 2020-2021.

Unha realizada a solicitude a través do rexistro electrónico da USC, deberán cumprimentarse os datos requeridos a través da aplicación informática do Banco Santander á que se accede desde a seguinte ligazón [Bolsas Máster USC-Santander](#)

A documentación que debe anexarse na aplicación do Banco Santander será a seguinte:

- Informe da idoneidade do traballo de investigación a realizar polo/a bolseiro/a consonte as liñas de investigación do Grupo de Investigación asinado polo seu coordinador/a e o/a director/a do traballo.
- Para o caso de estudiantes que fixeran o grao noutra Universidade distinta da USC, certificado do expediente académico coa nota media.
- Copia do Xustificante de presentación no rexistro electrónico da USC da solicitude de participación. A non presentación deste xustificante será motivo de exclusión nesta convocatoria.

## COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección estará composta por:

- **Presidente:** Vicente Pérez Muñozuri, Vicerreitor de Investigación e Innovación.
- **Secretario:** Manuel Boquete Botana, Xefe da Subárea de convocatorias e RRHH.
- **Vogais:**
  - ✓ M<sup>a</sup> Elvira López Mosquera, Adxunta á Vicerreitoría de coordinación do Campus de Lugo para investigación, transferencia e innovación.
  - ✓ Representante designado pola comisión de investigación delegada do Consello de Goberno.

A Comisión de Selección está facultada para resolver calquera dúbida relacionada coa convocatoria.

## CRITERIO DE ADXUDICACIÓN

O criterio de adxudicación será a nota media do expediente académico de grao do/a alumno/a, ponderados os expedientes de cada titulación. Esta ponderación realizarase tendo en conta os criterios de ponderación utilizados na convocatoria de FPU (primeira fase anexo I).

## PUBLICACIÓN DE LISTAXE PROVISIONAL E RESOLUCIÓN DEFINITIVA

Publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade de Santiago de Compostela unha listaxe provisoria de concesións e abrirase un prazo 3 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación, para presentar reclamacións á mesma.

Posteriormente publicarase no taboleiro da USC a listaxe de concesións definitiva de persoas adxudicatarias das bolsas e a listaxe de agarda.

Contra esta resolución, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de reposición perante o reitor no prazo dun mes

#### OBRIGAS DA PERSOA BOLSEIRA SELECCIONADA

A persoa bolseira comprométese a realizar a súa actividade investigadora segundo as indicacións da persoa titora e a cumplir as normas internas vixentes no Centro de traballo, en especial aquelas relativas ás políticas preventivas de riscos nos lugares de traballo.

O incumprimento por parte da persoa bolseira dalgunha das condicións recollidas nestas bases suporá a perda da bolsa concedida e mesmo o reintegro das cantidades percibidas.

A persoa bolseira comprométese a presentar á persoa responsable da súa titorización, unha memoria das actividades realizadas (máximo 1000 palabras) para a súa conformidade, antes do remate da bolsa. O informe deberá incluír o visto e prace do/a director/a da bolsa e do/a coordinador/a do Grupo de Investigación, e enviarase ao Vicerreitorado de Investigación e Innovación.

#### ACEPTACIÓN E RENUNCIA

Coa aceptación da bolsa, a persoa interesada comprométese a cumplir todas as condicións recollidas nesta convocatoria e na Resolución definitiva de adxudicación das bolsas.

A aceptación ou renuncia deberase efectuar no prazo de 3 días hábiles desde o día seguinte á publicación da resolución de adxudicación das bolsas no taboleiro electrónico da USC. Se no prazo de 3 días hábiles non se recibise a aceptación da persoa adxudicataria, entenderase que renuncia á bolsa.

As comunicacións coas persoas da listaxe de agarda que, por renuncia das persoas adxudicatarias tivesendereito ao aproveitamento da bolsa, realizaranse a través da conta de correo electrónico da USC, indicada na solicitude, con confirmación de entrega, e disporán dun prazo de 3 días hábiles para aceptar a bolsa mediante algunha das formas descritas anteriormente. No caso de non obter contestación no prazo indicado entenderase que renuncia.

Todas as baixas que se producieren antes de dous meses serán substituídas pola seguinte persoa da listaxe de agarda.

Calquera dúbida relacionada con esta convocatoria pode consultala a través do enderezo electrónico [recursoshumanos.programas@usc.es](mailto:recursoshumanos.programas@usc.es)

#### PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de solicitude será de **10 días naturais** desde o día seguinte á publicación desta convocatoria no taboleiro electrónico da Universidade de Santiago de Compostela.

## DISPOSICIÓN FINAL

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento a que atinxe, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no Taboleiro Electrónico Oficial da USC

Santiago de Compostela, a 07 de abril do 2021

O Reitor  
(Delegación de competencias por RR de 30 de abril de 2020)  
Vicerreitor de Investigación e Innovación

Vicente Pérez Muñozuri

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VICENTE PEREZ MUÑUZURI, NIF 33267295A, 07/04/2021 18:13:54.

CSV: 9CDA-EF51-4B87-9E29